



CONCELLO DE SANDIÁS

C/ CAMPO SAN NICOLÁS Nº 2. C.P. 32692.- SANDIÁS- (OURENSE)
TFNO: 988.46.50.01 FAX: 988.44.60.48

Sandiás, 1 de Abril de 2016

**MIGUEL ANGEL RODRIGUEZ RODRIGUEZ,
SECRETARIO DO CONCELLO DE SANDIAS**

CERTIFICO:

Que na Sesión que se indica e en relación co asunto que se cita produciuse a seguinte resolución:

**29 de Marzo de 2016
PLENO ORDINARIO**

**3.- APROBACION, SE PROCEDE DO EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS
POR TRANSFERENCIA Nº 1/2016 ENTRE DISTINTAS AREAS DE GASTO.**

"PROPOSTA DE PRESIDENCIA

Ante a existencia de novos gastos que se queren facer consistente na subvención a actividade de atención temperá no único colexio público de Sandiás que vai desenvolver a única Asociación de Pais e Nais de alumnos de dito colexio, e a aportación ao Plan Marco ano 2016 o consignado no vixente Presuposto da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que cabe efectuar transferencias de créditos doutras aplicacións do Presuposto vixente non comprometidas pertencentes a distinto área de gasto, así como a modificación das Bases de Execución do orzamento que recollen as subvencións nominativas para recoller a concesión de subvención a AMPA de Sandiás en cuanto a súa actividade de atención temperá.

Visto o informe de Secretaría de data 16 de marzo de 2016 sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir, vista a Memoria de Alcaldía e o informe de Intervención de data 16 de marzo de 2016, así como o certificado de dispoñibilidade de crédito a minorar.

De conformidade co disposto nos artigos 177.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, proponse ao Pleno o seguinte acordo.

ACORDO

1.º MODALIDADE

O expediente de modificación de créditos por transferencia n.º 1/2016 ao vixente Presuposto municipal adopta a modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións presupostarias pertencentes a distinto área de gasto que, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos



CONCELLO DE SANDIÁS

C/ CAMPO SAN NICOLÁS Nº 2. C.P. 32692.- SANDIÁS- (OURENSE)
TFNO: 988.46.50.01 FAX: 988.44.60.48

Aplicación Presupuestaria		Descripción	Euros
231.	480	A familias e institucións sin fines de lucro	3.200,00€
453	619	Reposición infraestrutura	9.000,00
TOTAL GASTOS			12.200,00€

Baixa en aplicacións de gastos

Aplicación Presupuestaria		NN.º	Descripción	Euros
312	212		Edificio y otras construcciones	300,00
312.	221		Suministros	250,00
312	227		Trabajos otras empresas y profesionales	500,00
324	224		Primas de seguros	300,00
324	227		Trabajos otras empresas y profesionales	300,00
161	210		Infraestructuras abastecimiento	550,00
338	221		Suministro fiestas	1.000,00
342	609		Instalaciones deportivas	9.000,00
TOTAL GASTOS				12.200,00


2.º XUSTIFICACIÓN

Gastos que se queren facer consistente na subvención, no caso de que se solicite da actividade de atención temperá no único colexio público de Sandiás que vai desenvolver a única Asociación de Pais e Nais de alumnos de dito colexio, así como aportación ao Plan marco, arranxo de camiños, e tendo en conta que o crédito consignado no vixente Presuposto da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que cabe efectuar transferencias de créditos doutras aplicacións do Presuposto vixente non comprometidas pertencentes a distinto área de gasto, así como a modificación das Bases de Execución do orzamento que recollen as subvencións nominativas para recoller a concesión de subvención a AMPA de Sandiás en cuanto a súa actividade de atención temperá.

Se introduce un párrafo segundo en la BASE XV del presupuesto de gastos del ejercicio 2015 con el siguiente tenor literal:

“Se subvencionará a la Asociación de Padres de alumnos del Colegio Público de Sandiás para la realización de su actividad de atención temprana, como medida de conciliación familiar en la cuantía de 3.200,00€”

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante a cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente



CONCELLO DE SANDIÁS

C/ CAMPO SAN NICOLÁS Nº 2. C.P. 32692.- SANDIÁS- (OURENSE)
TFNO: 988.46.50.01 FAX: 988.44.60.48

aprobado se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións; no caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

En Sandiás a 16 de marzo de 2016
O ALCALDE"

Por parte do Alcalde, D. Felipe Traveso García, dase conta do expediente de modificación de créditos co que se pretende dotar de partida orzamentaria para a cobertura do importe que ten que asumir o Concello no desenvolvemento do Plan Marco polo que se van arranxar camiños, e se pretende dotar ao orzamento dunha partida para subvencionar, no suposto que se solicite e se poida conceder, a Asociación de nais e pais do CEIP de Sandiás para o desenvolvemento do servizo de atención temperá 2016-2017.

Toma a palabra o portavoz do grupo Partido Popular, D. José Francisco Santana Doval, que manifesta que en relación a cobertura do importe non subvencionado do Plan Marco por parte do Concello e lóxico e parécelle correcto a modificación de créditos. En relación á modificación de partidas para ter crédito para a concesión de subvención para o exercicio 2016-2017 á APA do CEIP de Sandiás parécelle precipitada a modificación de créditos e mais axeitado pospor ou tratar dita modificación noutro momento mais cercano ao curso escolar en previsión do desenvolvemento deste curso e a previsión de necesidades para o curso que ven. Pregunta se xa existe algún estudo sobre as necesidades para o ano que ven, ao que o Sr. Alcalde contesta que non, e que se trata so dunha previsión ornamentaria que aproveitando a modificación queda feita.

O Portavos do Partido Popular considera que para estas previsións están os orzamentos e que solicita que se modifique a proposta inicial deixando so a modificación respecto á dotación necesaria para o desenvolvemento do Plan Marco e non, pospondo para mais adiante, a modificación para dotar de crédito á subvención ao servizo de atención temperá.

Toma a continuación a palabra o portavoz do PSdeG-PSOE e di que visto o plantexamento do Partido Popular pudiera ser precipitado a previsión orzamentaria para o servizo de atención temperá da asociación de Pais e Nais do CEIP de Sandiás, pero tampouco o ten claro, e pregunta considerando o carácter bimestral dos plenos e que o curso termina en xuño, se no pleno de xullo sería tarde tomar a decisión. O Secretario manifesta que para setembro teríase so un mes de prazo no que tense que facer a publicación da modificación inicial e final, e que ademais pode entrar en xogo o problema das vacacións do persoal, e sería mais axeitado en todo caso de non se aprobar neste pleno no pleno de maio.

Pola súa parte o concelleiro D. Fernando Miguel Vázquez Lorenzo está de acordo co xa manifestado ata o momento polos grupos.

O Sr. Alcalde mantén a proposta inicial xa que di que so se estaría dilatando algo para o que parece se está de acordo que é subvencionar o servizo e despois poderíase axustar de novo de ser preciso.

O Sr. Presidente somete a votación a aprobación do acordo, sendo aprobado pola maioría dos presentes, 5 votos a favor e catro en contra, sendo 9 o número legal de membros que compoñen o pleno elevándose a acordo.

A favor: 5 votos: 3 do grupo AGRELSAN e 2 do grupo PSdeG-PSOE.



CONCELLO DE SANDIÁS

C/ CAMPO SAN NICOLÁS Nº 2. C.P. 32692.- SANDIÁS- (OURENSE)
TFNO: 988.46.50.01 FAX: 988.44.60.48

En contra: 3 votos do Grupo Partido Popular e 1 do Concelleiro D. Fernando Miguel Vázquez Lorenzo.
E para que conste os efectos oportunos, coa salvedade a que se refire o artigo 206 do R.D. 2568/1986,
do 28 de novembro, expido a presente na data indicada de orde e con Visto e Prace do Sr. Alcalde.

Vº e Prace
O ALCALDE

Asdo.: Felipe Traveso García.

O SECRETARIO

Asdo.: Miguel Ángel Rodríguez Rodríguez